



ABERTO DE SAN XOÁN 2018

- Número de homologación:** 9105
- Data de celebración:** dende o 15 ata o 22 de xuño.
- Club Organizador:** Asociación Deportiva Val da Mahía.
- Lugar de celebración:** Recinto Deportivo Municipal de Bertamiráns. Acceso dende Autovía AG-56, saída nº 7 (Bertamiráns "Norte"), dirección Bertamiráns.
- Tipo de superficie:** Dura.
- Normativa de aplicación:** As normas que rexerán o Torneo serán as da Real Federación Española de Tenis
- Tipo de licenza esixida:** Para participar no Torneo é preciso estar en posesión de licenza federativa en vigor, na modalidade competitiva.
- Categoría convocada:** Convócanse a categoría absoluto masculina.
- Requisito de participación:** só se celebrará a proba se, finalizado o prazo de inscrición, se acadaron o máximo de 16 participantes inscritos.
- Prazo máximo para a inscrición:** poderá solicitarse a inscrición ata o 13 de xuño ás 14:00 horas.
- Forma de inscrición:** a inscrición realizarase enviando un correo electrónico á dirección advaldemahia@gmail.com ou a través da plataforma [IBERTENIS](#),

-**Aceptación de inscritos:** Quedarán aceptadas no Torneo as dezaseis primeiras solicitudes de xogadores que cumpran os requisitos necesarios para participar na proba.

-**Lugar, data e hora do sorteo:** o sorteo será o día 14 de xuño na Casa da Cultura de Bertamiráns ás 16 horas.

-**Horarios de xogo.** Poderanse consultar chamando ao teléfono 639251569 (Víctor) ou accedendo á orde de xogo publicada a través da plataforma [Ibertenis](#).

-**Custe da inscrición, forma, lugar e tempo de pago:** O custe da inscrición será de 12 € por xogador, e será abonado no momento da chegada ao recinto deportivo, con carácter previo á disputa do primeiro encontro.

-**Baixa xustificada de xogador inscrito:** Se a un xogador, por circunstancias xustificadas, lle fose aplicado W.O., deberá aboar o 50% da inscrición, co fin de sufragar os gastos de xestión ocasionados ao club organizador, principalmente por gastos de liquidación de cadros.

-**Baixa inxustificada:** Se o W.O. non consta xustificada, o xogador responsable da incomparecencia, ademais de quedar obrigado a pagar o 50% da inscrición, quedará privado do dereito a participar en calquera proba organizada polo club no prazo dun ano.

-**Sistema de xogo:** Os encontros disputaranse ao mellor de 3 sets, pero en caso de empate a sets, o set definitivo (3º set), substituirase por un super tie break.

-**Xuíz árbitro:** Víctor Carballido Vázquez.
Adxuntos: Javier Freire Camafeita.

-**Cadro:** O cadro será de 16 xogadores, e participación será libre, pero o club organizador poderá reservar catro prazos de xogadores con licenza por dito club. Os cabezas de serie fixaranse segundo a clasificación actual. Designaranse os "Lucky loser" de acordo á norma vixente.

-Aplicarase a regra **W.O.** pasados 10 minutos da hora fixada para cada encontro.